



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión**, relativa á recuperación dos xardíns do Pazo de Amarante como espazo público no casco histórico de Santiago de Compostela.

O Pazo de Amarante é un edificio de titularidade da Xunta de Galiza situado na rúa da Algalia de Abaixo, en pleno centro histórico de Santiago de Compostela. Na actualidade está destinado para uso de diversas institucións consultivas como o Consello Galego de Relacións Laborais, O Consello Económico e Social e o Consello Consultivo de Galiza.

Este Pazo conta na súa parte traseira cun importante xardín, que abarca unha superficie duns 4.000 metros cadrados. Porén, este espazo é utilizado en exclusiva para as labores institucionais e cumpre a función de aparcamento.

O BNG comparte a demanda que veñen realizando veciños e veciñas da zona vella, canalizada a través do movemento asociativo, de que este espazo sexa aberto ao público. Isto permitiría disfrutar dunha zona verde en pleno casco histórico. As labores de acondicionamento deste espazo son menores e pensamos que é necesario que esta actuación se leve adiante antes de que remate o presente ano.

Polo dito, formulamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a levar adiante as xestións que sexan necesarias para que os xardíns do Pazo de Amarante -situado no casco histórico de Santiago de Compostela- sexan de uso público antes de que remate o actual período de sesións. No marco destas xestións, promoveranse negociacións para que a apertura ao público se amplíe aos espazos do xardín que empregan a Sociedade Económica de Amigos do País e a Biblioteca da Fundación Nova Caixa Galicia.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz s. do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 20/10/2011 16:31:03